

PUBLICACIÓN

Consulta pública cidadá sobre REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM) DO CONCELLO DE RIANXO

O concello de Rianxo en manifestación do principio de autonomía local e da potestade regulamentaria e de autoorganización quere iniciar a elaboración dun regulamento orgánico co fin de regular o estatuto dos/as concelleiros/as, a existencia dos órganos municipais, o procedemento a seguir ,para dotar a esta Administración de maior eficacia na toma de decisións e na súa execución e, especialmente, a organización e funcionamento do Pleno do Concello de Rianxo.

O obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración sobre REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM) DO CONCELLO DE RIANXO solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 10 días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na Sede Electrónica mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.